

ADDENDA Á INSTRUCIÓN CONXUNTA 1/2022, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E DA DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, SOBRE A XESTIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE DE ESCOLARES NO CURSO ESCOLAR 2022-2023

Con data do 27 de xuño de 2022, as persoas responsables da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e da Dirección Xeral de Mobilidade, ditaron a Instrución conxunta 1/2022, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares no curso escolar 2022 – 2023.

Advertido un erro na redacción da punto 6 ° do apartado 4 da instrución, modifícase ese punto quedando a redacción da seguinte maneira:

"6°. Alumnado de ensino obrigatorio e do segundo ciclo de educación infantil sen dereito a transporte escolar gratuíto.

Sen prexuízo do indicado nos números anteriores, o alumnado do ensino obrigatorio e do segundo ciclo de educación infantil que non teña a condición de usuario con dereito a transporte escolar, poderá facer uso dos servizos integrados sempre que queden prazas dispoñibles nos mesmos, logo de que por parte do centro correspondente se cargue na aplicación de xestión.

Para tal fin, os centros cargarán este alumnado na aplicación coa condición de "excepcionais", de xeito análogo a como o fan nos servizos de transporte escolar dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, aplicándolles os mesmos criterios





de priorización entre o dito alumnado que se establecen no anterior número 5º."

Pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades
Manuel Vila López

Pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e
Mobilidade
Ignacio Maestro Saavedra
(documento asinado dixitalmente)

